

O exame consta de 4 preguntas obligatorias: a 1 e a 3, de 3 puntos; a 2 e a 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda con respuestas diversas: semiabertas, pechadas e de opciones múltiples; a terceira de respuestas semiabertas; a cuarta, de respuesta pechada.

CONTEXTO:

O instituto está a preparar un **ciclo de actividades** aberto ao público xeral que, baixo o título de **ExpresArte**, inclúe concertos, exposicións, lecturas dramatizadas, etc. A clase de Coro e Técnica Vocal II participa cun concerto. Ademais, para que o público asistente teña unha mellor aproximación ás obras, hai que facer unhas **notas ao programa** onde se expliquen diversos aspectos das mesmas. Esta é unha das obras que se van a interpretar:

Signum

Tyman Susato (1500–1562)

The musical score consists of four staves, one for each voice: Soprano, Alto, Tenor, and Bass. The music is in common time (indicated by 'C') and uses a treble clef for all voices. The lyrics are written in Latin and are repeated in each section of the piece. The first section of lyrics is: "Cum de - co - re, cum a - mo - re, cum splen - do - re, cum ar - do - re," followed by "cum vi - go - re, cum ca - lo - re, vo - ce can - ta - te me - lo - di - ca." The second section of lyrics is: "Gau - di - a mi - ri - fi - ca mag - ni - fi - ca - te in mu - si - ca."

PREGUNTA 1. ANÁLISE. (3 puntos)

Prepare un texto de notas ao programa para difundir entre o público, no que explique polo menos estes aspectos da obra indicada: xénero; estilo e contexto histórico; tipos de voces; estrutura formal e relación texto-música. Extensión máxima aproximada: 250 palabras (1 páxina).

PREGUNTA 2. TÉCNICA VOCAL. (2 puntos)

A profesora de música púxose de baixa repentina e non poderá acudir a un ensaio. Como vostede coñece a obra, pídeselle que a substitúa na dirección dese ensaio. Para preparalo, debe colocar na partitura anterior as indicacións e valorar os aspectos que seguen:

1. Marque as respiracións cunha vírgula (coma) de respiración na voz soprano.
2. Indique cal é a textura predominante nesta obra e razóeo.
3. Localice un exemplo de marcha en sentido contrario entre dúas voces e indique as voces e o compás.
4. Localice un exemplo de *divisi* nunha voz e indique voz e compás.

PREGUNTA 3. TÉCNICA VOCAL / PRÁCTICA DE CONXUNTO. (3 puntos)

O concerto foi un éxito, segundo os asistentes. A el asistiu un xornalista, que é músico e crítico musical, quen publicou a seguinte crónica no xornal local:

O coro do Instituto ofreceu un interesante concerto, cun programa variado en estilos e xéneros no que destacou a peza de Tylman Susato. Ao ser unha obra a capella, esixe do coro un perfecto control da afinación, aspecto que foi más que satisfactoriamente resolto polo conxunto. Aínda que ao principio da obra apreciouse certa inseguridade nos axustes, o certo é que, a medida que se avanzaba nela, o grupo foi gañando seguridade e expresión, ao que contribuíu en gran medida a coidada vocalización do texto e o fraseo unificado de todas as voces. Certamente, a textura da obra facilita notablemente o ensamblaxe, ben guiado en todo momento pola claridade do xesto da directora e a súa atención ás variacións do ritmo. Hai que destacar tamén no seu bo fazer a inclusión acertada de matices en piano e forte, nunha obra que en orixe carece de indicacións específicas respecto diso. De entre todas as cordas, destacaríamos pola soltura do seu rexistro a das sopranos, moi ben apoiadas desde a base por uns baixos seguros e de coidado son, resultado dunha respiración e resonancias ben traballadas. Impresionante o efecto de crescendo final, ao que o público respondeu cunha ovación impaciente sobre o acorde último da obra.

Identifique no texto os seguintes elementos e explíqueos nunha ou dúas liñas:

1. Dous comentarios referidos aos aspectos dinámicos na execución.
2. Dous comentarios referidos á técnica vocal.
3. Dous termos referidos á instrumentación da obra.

PREGUNTA 4. PRÁCTICA DE CONXUNTO. (2 puntos)

Relacione mediante frechas os termos destas dúas columnas. Cada acerto suma 0,25 puntos e cada erro resta 0,125 puntos.

percusión	articulación
directora	recursos
fraseo	corporal
proxecto	xesto
respiración	patoloxía
fonética	vocalización
producción	escena
disfonía	diafragmática